

TRABALLO DE FIN DE GRAO EN FARMACIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O traballo de fin de Grao en Farmacia da USC , rexerase polo regulamento da USC sobre TFG aprobado no Consello de goberno de 2 de Maio de 2013.

O TFG consiste na elaboración, presentación e defensa dun proxecto ou estudio autónomo, dirixido a adquisición polo estudante dunha formación avanzada de carácter específico o multidisciplinar, orientado a especialización académica ou profesional, ou ben a promover a iniciación en tarefas investigadoras, e que permita ao estudante acreditar a adquisición dos coñecementos capacidades, competencias e habilidades asociados ao título.

O TFG, *segundo a memoria verificada do título*, conta con 6 créditos ECTS de carácter obrigatorio.

O TFG considérase a tódolos efectos como unha materia mais do plano de estudos do Grao en Farmacia

1. Comisión de Traballo de Fin de Grado

COMPOSICION DA COMISIÓN

Actuará coma comisión de traballo de Fin de Grao a Comisión do Título da Facultade de Farmacia

O Coordinador/a da materia TFG, será nomeado pola Xunta de Facultade a proposta do decano/a por un período de 4 anos.

COMPETENCIAS DA COMISION

- Propor anualmente a Xunta de Facultade a guía docente na que se determine as diferentes formas de desenvolvemento, exposición e criterios de avaliación e definir as características dos traballos (Extensión, formato, contido mínimo..)..
- Establecer a convocatoria anual.
- Determinar os sistemas de titoración.
- Aprobar a proposta das liñas temáticas, dos temas e a súa asignación.

- Decidir sobre a modificación de temas e/ou titor/a asignado.
- Propor a Xunta de Facultade as comisións de avaliación e a guía de avaliación a seguir.
- Establecer as datas de presentación dos traballos, que a Xunta de Facultade aprobará xunto coa convocatoria oficial de exames cada curso académico
- Resolver as incidencias relativas a esta materia.
- Calquera outra relacionada cos TFG que a Xunta de Centro lle encomende.

2. Elección do tema e titorización do TFG

TITORES

- O TFG deberá ter un titor que asista os estudantes na realización do traballo.
- Os titores dos TFG deberán ser profesores doutores da USC das areas que imparten docencia na titulación de Farmacia. Cada profesor poderá titorizar un máximo 3.
- O titor/a programará sesións de traballo cos estudantes, nas que establecerá a programación das tarefas a realizar. Será responsable de expor a cada alumno as características do traballo, de orientalo no seu desenvolvemento, velar polo cumprimento dos obxectivos fixados, realizar o seguimento e emitir un informe final confidencial, previo a defensa do traballo, de acordo coa guía docente da materia. O titor actuará soamente como dinamizador e facilitador do proceso de aprendizaxe xa que o TFG é un traballo autónomo do estudante.
- Os traballos tamén poderán desenvolverse no marco de convenios con empresas ou institucións (como Colexios Oficiais de Farmacéuticos) ou no marco de convenios de estudos. Nestes casos o titor, que deberá ser profesor doutor da USC, poderá colaborar na definición do contido do TFG e no seu desenvolvemento con un integrante da institución u organismo correspondente, en calidade de co-titor. A participación de co-titores deberá ser aprobada pola Comisión.
- No caso de que o traballo TFG se desenvolva no marco de intercambio de estudantes, este rexirase pola normativa de intercambios da USC.

- Cada TFG terá como máximo un titor e un co-titor
- E obriga do titor realizar os informes de seguimento e facer chegar a súa valoración a comisión avaliadora.

PROPOSTA DE TEMA

- Os profesores das areas que imparten docencia na titulación farán as súas propostas de temas para os TFG segundo o calendario que estableza a Comisión, e as farán chegar a esta a través dos departamentos aos que están adscritos.
- As propostas incluirán polo menos título, obxectivos e plan de traballo e serán revisadas pola Comisión.
- A Comisión fará pública unha única lista por curso académico con proxectos elixibles para realizar o TFG, así como os docentes que os titorizan. A Comisión velará para que a lista de proxectos inclúa tódolos ámbitos docentes do plan de estudos e garantirá que tódolos estudantes en condicións de realizar o TFG podan facelo.
- Os estudantes tamén poderán propor temas de acordo cun titor. A proposta deberá contar cun informe de viabilidade avalado polo titor proposto.

ASIGNACIÓN DOS TFG

- Poderán elixir tema e titor aqueles estudantes os que lles queden por superar un máximo de 75 ECTS, incluídas as Prácticas Tuteladas.
- A asignación do tema e titor terá lugar en dúas ocasións ao longo do curso nun acto público. Na última, so se poderá escoller entre os temas non elixidos na primeira.
- Os estudantes que fixeran unha proposta que fose aceptada pola comisión, asignaráselles directamente o tema e titor propostos.
- Os estudantes que non propuxeran tema, elixirán por orden segundo o seu expediente académico ponderado polo número de créditos superados, entre a listaxe de propostas.

- No caso de que o estudante non poda acudir o acto público de adxudicación de tema, poderá delegar noutra persoa que terá que asistir o acto e presentar o documento de delegación asinado e a copia DNI do estudante.
- O tema elixido polo estudante terá unha vixencia de dous cursos académicos consecutivos.
- Coa matrícula o estudante ten dereito a presentar o traballo en dúas oportunidades en calquera das convocatorias oficiais do curso.
- No caso de que o estudante desexe modificar o tema ou o titor, deberá solicitalo mediante un escrito e de forma razoada a Comisión do TFG. A comisión analizará o caso, e se procede, realizará unha nova asignación que decidirá sobre o tema.

3. Estrutura do TFG

- O TFG formúlase como un primeiro proxecto ou memoria orixinal dos alumnos do Grao en Farmacia. O TFG, deberá seguir as pautas indicadas na guía docente da materia.

4. Avaliación dos TFGM

COMISIONS AVALIADORAS

- Deberán formar parte das comisións avaliadoras do TFG tódolos profesores que imparten docencia na titulación. A elección dos seus membros será realizada de xeito rotatorio e por sorteo.
- Cada comisión poderá avaliar un máximo de 12 alumnos.
- A Comisión será a encargada de propor a Xunta de Facultade o nomeamento das comisións de avaliación que estarán formadas por tres membros titulares; Presidente/a, secretario/a e vogal e os seus correspondentes suplentes. No caso de que os suplentes non actúen nunha convocatoria, pasaran a ser os titulares na seguinte convocatoria.

ENTREGA DOS TFG

Para que o estudante poda defender o TFG é necesario que o alumno presente unha copia impresa da memoria na secretaría do decanato da Facultade de Farmacia e unha

copia dixital da memoria en formato pdf a través do Campus Virtual da materia no prazo que se determine.

DEFENSA DOS TFG

- A Comisión comunicará, coa suficiente antelación, as datas e horas para a defensa dos traballos.
- O estudante deberá defender o seu TFG ante a comisión de avaliación mediante unha presentación oral segundo as normas descritas na guía docente da materia. Na defensa seguirase o seguinte esquema:
 - Exposición polo estudante que incluírá polo menos os obxectivos, a metodoloxía, os contidos e as conclusións do traballo.
 - Formulación de preguntas polos membros da comisión e respostas do estudante.
 - Deliberación da comisión
 - Cualificación do traballo e elaboración de un acta.

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓNS DOS TFG

- O traballo se avaliará de acordo co previsto na normativa de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster na USC aprobado polo Consello de Goberno de 2 de maio de 2013.
- Para garantir unha homoxénea cualificación dos traballos presentados por parte das diferentes comisións de avaliación, estes seguirán as criterios de avaliación da guía docente aprobada pola Comisión de Título.
- Cada comisión de avaliación seleccionará os que considere os mellores traballos coa cualificación igual o superior a nove (máximo dous) para seren candidatos a mención de “Matrícula de Honra”.
- As mencións de Matrícula de Honra serán outorgadas pola Comisión a proposta do coordinador do TFG xunto cos presidentes das comisións, segundo a guía docente da materia.

- No momento de facer pública a cualificación a comisión de avaliación fixará unha data, horario e lugar de revisión da mesma. As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes a publicación dos resultados e contemplarán como mínimo dúas datas opcionais. A revisión será persoal e poderá realizala un o varios membros da comisión. Deberá quedar constancia da celebración da revisión e da data.
- Os estudantes, que non obteñan a avaliación positiva poderán optar a súa recuperación segundo a normativa establecida pola USC

5. Propiedade intelectual dos TFG e difusión dos mellores traballos

A propiedade intelectual do traballo correspóndelle ao alumno/a que o realizou. No caso de realizarse un traballo no marco dun contrato ou convenio con algunha entidade ou de ser o caso, dun proxecto ou liña de investigación, os dereitos serán os recollidos no dito contrato ou convenio ou os que se pacten previamente, respectando en todo caso a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual ou industrial.

Unha copia electrónica dos traballos superados quedará no Centro para o seu arquivo e consulta, e poderán ser utilizados na USC para usos académicos e de investigación, sempre coa mención específica dos seus autores. Para estes efectos o alumnado asinará a correspondente autorización de difusión no repositorio institucional da USC (Minerva) e a declaración de que se trata dun traballo orixinal non en todo o en parte suxeito a restricións, tales como co-titularidade, dereitos de propiedade industrial ou cláusulas de confidencialidade con empresas.

A comisión do Título elixirá tres traballos entre os que se presentaran e obtiveran a mención de Matrícula de Honra, e invitará aos seus autores a súa exposición oral o seguinte curso para que podan servir de modelo os seguintes alumnos. Os autores de estes traballos recibirán un documento acreditativo.

DILIXENCIA para facer constar, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da Universidade, na súa sesión do día 26 de marzo de 2014 , acordou aprobar a normativa do Traballo Fin de Grao do Grao en Farmacia. Co visto e prace do Sr. reitor.

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2014

Vº e Prace

O reitor

Juan J. Casares Long



A secretaria xeral

Lourdes Noya Ferreiro